



## **CIRCULAR 49-2023**

### **XXXVI CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE PROBAS COMBINADAS MASTER**

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1).**- A F.G.A organiza o Campionato Xunta de Galicia de Probas Combinadas Máster os días 22 e 23 de abril de 2023 nas pistas de atletismo do Estadio de Balaídos en Vigo.

**Art.2).**- Poderán participar atletas da categoría Máster con licenza na presente tempada pola FGA.

**\*Segundo acordo da Asemblea, só poden participar atletas que acrediten, dende o 1 de xaneiro de 2022, rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen e que, dentro de eses rexistros, se acredite marca nun mínimo de unha carreira, un salto e un lanzamento.**

**Art.3).**- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://sdp.rfea.es/>) ata as 20:00 horas do luns 17 de abril de 2023.

A maiores, no caso de atletas sen marca nas combinadas, deberá remitirse a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal) e dentro do prazo de inscrición, a relación de marcas realizadas de xeito individual nas probas que o compoñen, indicando data e lugar da súa consecución.

**Art.4).**- Os/As tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

**Art.5).**- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

**Art.6).**- Os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

**Art.7).**- Horario provisional

<b>SABADO 22 – Xornada de Tarde</b>		
<b>HORA</b>	<b>HOMES</b>	<b>MULLERES</b>
<b>16:30</b>	100	
<b>16:50</b>		Valos altos
<b>17:05</b>	Lonxitude	
<b>17:30</b>		Altura
<b>18:05</b>	Peso	
<b>19:00</b>	Altura	Peso
<b>20:10</b>		200
<b>20:20</b>	400	

<b>DOMINGO 23 – Xornada de Mañá</b>		
<b>HORA</b>	<b>HOMES</b>	<b>MULLERES</b>
<b>10:00</b>	Valos altos	
<b>10:35</b>	Disco	Lonxitude
<b>11:35</b>	Pértega	
<b>11:50</b>		Xavelina
<b>13:00</b>	Xavelina	
<b>13:30</b>		800
<b>13:50</b>	1500	



### **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.8).-** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA: [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal)
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada.

**Art.9).-** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 1 de abril de 2023

Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**